



CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D^a. María Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino; asiste como Secretario Provisional. D. Jacobo Barreiro Pimentel, asintindo como Interventora a da Corporación D^a. Olga Rodríguez González; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3022.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE DATA 31 DE XULLO DE 2007.- Dáse conta da acta anterior de data 31 de xullo de 2007, solicitándose polo Sr. Domínguez Álvarez que se inclúa en acta na páxina 12, na primeira intervención do Sr. Barreiro Lubián os insultos que se produciron á persoa de D. Javier Domínguez Lino, que exactamente foron "retrasado mental e mona" e que posteriormente foron retirados polo Sr. Barreiro.

Previa rectificación do exposto, esta quedou aprobada por unanimidade.

3023.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución de acordos precedentes, e que son os que seguen: "3007.- URBANISMO, DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO SOBRE ELECCIÓN DE VICEPRESIDENTE E DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DA DEVANDITA COMISIÓN.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3008.- DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE A SÚA CONSTITUCIÓN, NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE E

APROBACIÓN DÍAS E HORAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3009.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO NA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR EN SAMIEIRA.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse ó avogado da Xunta de Compensación D. Calixto Escariz; 3010.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DUN REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA QUE FORME PARTE DO CONSELLO RECTOR DA XUNTA DE COMPENSACIÓN E DA ASEMBLEA.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse ó avogado da Xunta de Compensación D. Calixto Escariz; 3011.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NO FONDO GALEGO DE SOLIDARIDADE E COOPERACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse ó Fondo Galego de Solidariedade e Cooperación; 3012.- PROPOSTA APROBACIÓN DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3013.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE ASIGNACIÓNS A CONCELEIROS E GRUPOS POLÍTICOS POR ASISTENCIAS A SESIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3014.- INTERVENCIÓN, FISCALIZACIÓN FACTURAS SEN CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3015.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 16/2007, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse para publicación no B.O.P.; 3016.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 17/2007, CRÉDITO EXTRAORDINARIO.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse para publicación no B.O.P.; 3017.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA ADXUDICACIÓN CASA DA CULTURA DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ó expediente, notificouse ás empresas presentadas e formalizouse o contrato coa adxudicataria; 3018.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 18/2007, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e remitiuse para publicación no B.O.P.; 3019.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES DO CONSELLO PLENO DA RADIO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ó expediente; 3020.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR.- Uniuse certificación do acordo ó expediente e comunicouse ó Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar; 3021.- DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PATRIMONIO SOBRE ELECCIÓN DE VICEPRESIDENTE E DETERMINACIÓN PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ó expediente.

A Corporación dáse por enterada.

3024.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario; a Corporación dáse por enterada.

3025.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: CONSTITUCIÓN CONCELLO, DESIGNACIÓN REPRESENTANTES PARA O CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA.- Dáse conta do acordo núm. 4297 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de

Goberno Local de data 20 de agosto de 2007 que di textualmente: "4297.-SECRETARÍA, DESIGNACIÓN REPRESENTANTES PARA O CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA.- Dáse conta do escrito remitido pola Delegación Provincial de Economía e Facenda con data de entrada neste Concello o 13 de agosto de 2007, núm. 4412, solicitando a designación dos concellos que pasen a ocupar a vogalía correspondente á sección 1ª do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria; a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou nomear a este Concello como municipio representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, e que se dea conta ao Pleno deste Concello na primeira sesión que realice para a ratificación deste acordo, que foi adoptado por razón de urxencia, de conformidade co Regulamento Orgánico Municipal."

Dándose conta igualmente do escrito de data 10 de setembro de 2007, remitido pola Delegación de Economía e Facenda achegando o resultado da elección dos representantes das Entidades Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, resultando elixido Meaño, con 22 designacións, como vogal representante nos Concellos de menos de 20.000 habitantes e Marín con dúas designacións, como vogal representante dos Concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Corporación por unanimidade acordou ratificar o acordo núm. 4297 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 16 d) do Regulamento Orgánico Municipal.

3026.- URBANISMO, SOLICITUDE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS EN COMBARRO DE JOSÉ PÉREZ ESPERÓN, EXPTE.: 228/06, MARINA COMBARRO, S.L., EXPTE.: 438/07, PEREGRINA GONZÁLEZ MÉNDEZ, EXPTE.: 413/07.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de setembro de 2007 que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido do expediente tramitado a instancia de D. José Pérez Balea, Dª Peregrina González Méndez e de Marina Combarro, S.L., dos acordos da Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro de 2007 sobre concesión licenza solicitadas e do informe da Intervención Municipal, de data 11 de setembro de 2007, favorable á concesión dunha bonificación de ata o 95% nas cotas do ICIO dos expedientes anteriormente mencionados.

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ó Pleno a bonificación do 95% da cota do ICIO de ditas obras e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar o 5% do ICIO."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a bonificación do 95% da cota do ICIO correspondentes aos

expedientes 228/06 de José Pérez Balea, núm. 438/07 de Marina Combarro, S.L. e núm. 413/07 de Peregrina González Méndez e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar o 5% do ICIO.

3027.-RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: UNIDADE DE PERSOAL, CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2008, PROPOSTA FESTAS LOCAIS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do acordo núm. 4380, adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 10 de setembro de 2007 polo que se acordou propor como festas locais para o ano 2008 o día 24 de xuño (San Xoán) e o 24 de setembro (A Merced), comunicándose o devandito acordo ao Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo.

Igualmente o expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de setembro de 2007.

A Corporación por unanimidade acordou ratificar o acordo núm. 4380 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 16 d) do Regulamento Orgánico Municipal.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as que seguen:

A Sra. Ligerio Iglesias realiza as seguintes preguntas en relación coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, solicitando contestación por escrito:

Tendo en conta que esta lei di que o sistema de desenvolvemento é coa colaboración de todas as entidades públicas e dentro destas as locais, queremos saber:

1.- Cal é o número de persoas dependentes que residen neste Concello?

2.- Estase a facilitar información desde os Servizos Sociais Municipais aos posibles beneficiarios das prestacións recollidas nesta Lei?

3.- Cantas das persoas dependentes que residen neste Concello presentaron solicitudes de valoración até o de agora?

4.- Cantas das solicitudes foron resoltas por Vicepresidencia?

5.- Celebrouse algunha reunión con representantes de Vicepresidencia de Igualdade e Benestar para coordinar a posta en marcha da lei e o proceso de valoración?

6.- De ser así, quen asistiu en representación do Concello?.

A Sra. Nieto García di que varios veciños presentaron por escrito neste Concello varias queixas, das que non obtiveron contestación, e pregunta que prazo existe para contestar a estas queixas?

Na prensa saíu publicado unha nova na que se comunicaba

que as obras para solucionar as averías do contorno de Andurique se ían acometer antes do mes de setembro, e estando a día 25, estas obras non se realizaron preguntando se existe algún proxecto e data para comezar as mesmas.

A Sra. Besada Lores, en relación coa pregunta formulada sobre as obras de Andurique, contesta que non faría falta cortar a estrada, xa que as obras abarcan soamente un vial e nunha reunión que se mantivo coa Conselleira díxose que as obras comezarían a final do mes de setembro.

O Sr. Moldes Martínez pregunta como están as obras da Ponte dos Demos e se aínda queda moito para rematar.

O Sr. Alcalde contesta que aínda non están rematadas e que se fará na maior brevidade posible xa que agora dependen do Concello e está prevista acondicionar o lugar e descubrir a ponte para que sexa peonil.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretario provisional dou fe.